



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de Cacheiras

Costenla, 36 Cacheiras
15883 Teo -A Coruña-
(981 80 63 32 ☎ FAX 981 80 63 38
ies.cacheiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iescacheiras>

**DEPARTAMENTO
DE GREGO**



DEPARTAMENTO DE GREGO

**PROGRAMACIÓN INICIAL
GREGO II**

CURSO 2022-2023



ÍNDICE

I. Introducción e contextualización.	3
I.a Composición do Departamento	3
GREGO II	4
I.b Consideracións previas do Departamento.....	4
II Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	7
III. Concreción dos obxectivos para o curso.....	7
IV. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.....	9
IV. 1. Concreción na táboa do curriculum. PMEC= PORCENTAXE NA MATRIZ DO MEC// PCIUG= PORCENTAXE DA CIUG//.....	9
IV.2. Temporalización por unidades didácticas.	14
IV.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	15
V. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	15
VI. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.	16
VII Criterios de cualificación e promoción do alumnado.	16
VII.1 Criterios de avaliación	16
VII.2. Criterios de cualificación.....	16
VII.3 Criterios de promoción e obtención do título.	17
VIII. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	17
IX. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	18
X. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	18



XI. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	18
XII. Medidas de atención á diversidade.	19
XIII. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda. (art. 4.1 D. 86/2016).....	20
XIV. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.	21
XV. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	21
XVI. PROXECTO LECTOR	22

I. Introducción e contextualización.

I.a Composición do Departamento

O Departamento de Grego programa as materias de GREGO II e ETIMOLOXÍA CIENTÍFICA DE 2º de Bacharelato, así como a Cultura Clásica de 4º de ESO, por conseguinte esta programación atinxe ao seguinte profesorado.

Xefe de Departamento de Grego: Isabel Mª Losada Campa.



GREGO II

I.b Consideracións previas do Departamento

Para a programación deste curso debemos partir de tres documentos:

1. A matriz de especificacións de Grego II. 2.º Bacharelato da Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017.
2. En espera de novas indicacións, as orientacións para a materia de Grego II, curso 2021-2022, remitidas con data 14 de outubro de 2021, pola directora do Grupo de Traballo da CIUG, María Teresa Amado Rodríguez.
3. Decreto 86.2015 da Xunta de Galicia que regula o curriculum de Bacharelato.

Dos tres documentos daremos prioridade ás orientacións do Grupo de Traballo da CIUGA para favorecer a superación das Probas de Acceso á Universidade do noso alumnado.

**1. Documento 1. Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017. Griego II. 2.º Bachillerato**

Bloque de contido	Porcentaxe asignado ao bloque	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. Lingua grega. Bloque 6. Léxico.	20%	<ul style="list-style-type: none"> – Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, localizando puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. – Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. – Recoñece e distingue a partir do étimo grego cultismos, elementos patrimoniais e neoloxismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e noutro caso. – Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras obxecto de estudo a partir dos étimos gregos dos que proceden. – Comprende e explica a relación que existe entre diferentes termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.
Bloque 2. Morfoloxía.	10%	<ul style="list-style-type: none"> – Sabe determinar a forma, clase e categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.
Bloque 3. Sintaxe.	10%	<ul style="list-style-type: none"> – Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas. – Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega.
Bloque 4. Literatura	20%	<ul style="list-style-type: none"> – Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. – Nomea autores representativos da literatura grega, encadrándoos no seu contexto cultural e explicando as súas obras máis coñecidas.
Bloque 5. Textos.	40%	<ul style="list-style-type: none"> – Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. – Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo autor.



2. Documento 2. Orientacións para a materia de Grego II, curso 2021-2022, remitidas con data de 14 de outubro de 2021, pola directora do Grupo de Traballo da CIUG, M^a Teresa Amado Rodríguez.

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O
ACCESO Á UNIVERSIDADE**

ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “GREGO II” (cód. 32) Curso 2021-2022

Para o curso 2021-2022 os contidos e os criterios de valoración serán os seguintes:

1. TEXTOS

Antoloxía de Xenofonte

Antoloxía de Apolodoro

No exame proporánse dous textos de Xenofonte e un de Apolodoro, dun máximo de tres liñas en letra de tamaño 12 puntos, para **traducir unicamente un deles**

Os textos extraeranse **dunha selección** que en breve se publicará na páxina web da CIUG.

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Cualificación: 5 puntos

2. MORFOLOXÍA E SINTAXE

Pídese a **análise morfolóxica ou a análise sintáctica (a eleixr unha das dúas)** dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica hai que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas. Na análise sintáctica hai que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Para as dúas posibilidades admíttese calquera método de análise que sexa correcto.

Cualificación: 1 punto

3. LECTURAS

Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e Anacreonte

Sófocles, *Edipo Rei*

Aristófanes, *Asamblea de mulleres*

Proporánse catro preguntas sobre o contido das obras, das que **o alumno deberá eleixr dúas**.

Cualificación: 2 puntos

4. LITERATURA E O SEU CONTEXTO

Proporánse catro preguntas sobre contexto ou realia das obras a traducir, das que **o alumno deberá eleixr unha**.

Cualificación: 1 punto

5. HELENISMOS E ETIMOLOXÍA

Proporánse cinco palabras gregas, das que **o alumno terá que eleixr tres**, para citar e explicar exemplos de vocabulario actual relacionado con elas.

En breve subírase á web o listado de palabras obxecto de exame.

Cualificación: 1 punto

En breve subírase un modelo de exame

Santiago de Compostela, outubro de 2021

M^a Teresa Amado Rodríguez

Directora do grupo de traballo

**3. Documento 3. Decreto 86.2015 da Xunta de Galicia que regula o curriculum de Bacharelato.**

Concrétase no punto IV.1 desta programación.

II Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

As competencias clave traballaranse en todos os bloques, pero especialmente nos que se especifican na táboa seguinte:

(CCL). Comunicación lingüística	É a competencia con máis presenza na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará nun maior coñecemento e dominio das linguas propias
(CMCCT). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	A visión da xeografía e historia de Grecia impulsará ao alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, mediante unha análise de fenómenos de complexidade progresiva, o razoamento lóxico e o rigor científico.
(CD). Competencia dixital	As novas tecnoloxías da información e da comunicación estarán presentes no labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. No bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan a expresión a través da audiovisual e dixital.
(CAA). Aprender a aprender	O labor de análise morfosintáctica e tradución constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual e, ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento
(CSC). Competencias sociais e cívicas	A vida cotián, na súa dimensión política, social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.
(CSIEE). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Traballaranse coa planificación de proxectos en equipo, reforzando os valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.
(CCEC). Conciencia e expresións culturais	A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico desenvolverá a conciencia e expresión culturais, xa que porá en valor o noso patrimonio cultural, arqueolóxico, nos museos e nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

III. Concreción dos obxectivos para o curso.

Son os fixados no artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.



- b)** Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c)** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d)** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e)** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f)** Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g)** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h)** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i)** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l)** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m)** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n)** Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ)** Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o)** Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p)** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.



IV. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

IV. 1. Concreción na táboa do curriculum. PMEC= PORCENTAXE NA MATRIZ DO MEC// PCIUG= PORCENTAXE DA CIUG//

CLAVES		
COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE ASIGNADO AO BLOQUE %
(CCL). Comunicación lingüística	PE. Proba escrita	PM. Porcentaxe na matriz da Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro.
(CMCCT). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	TA. Traballo na aula	PC. Porcentaxe nas orientacións da CIUG
(CD). Competencia dixital		
(CAA). Aprender a aprender		
(CSC). Competencias sociais e cívicas		
(CSIEE). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor		
(CCEC). Conciencia e expresións culturais		

Táboa

		Grego II. 2º de bacharelato				Porcentaxe asignado ao bloque %		Grao mínimo	Instrumentos de avaliación		Temporali- zación
C. clave	Obxs	Contidos	Criterios de avaliación		PMEC	PCIUG	%	TA	PE		
		Bloque 1. Lingua grega / Bloque 6. Léxico				20	10				
CCL CD CCEC	e f h	B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.	B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	SI	NON	1	X		3º TR	
CCL CAA	d f	B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.	B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.	GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	NON	NON	1	X		3º TR	
CCL	d f	B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.	B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.	GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	NON	NON	1	X		3º TR	



Grego II. 2º de bacharelato						Porcentaxe asignado ao bloque %		Grao mínimo	Instrumentos de avaliación		Temporalización
C. clave	Obxs	Contidos	Criterios de avaliación		PMEC	PCIUG	%	TA	PE		
CCL	d e f	B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	SI	SI	60		X	1º TR 2º TR 3º TR	
CCL	d e f	B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado das palabras da propia lingua ou de outras propostas polo grupo de traballo da CIUG, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	SI	SI	60		X	1º TR 2º TR 3º TR	
CCL	d e f	B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	NON	NON	1	X		3º TR	
CCL	n			GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	NON	NON	1	X		1º TR 2º TR 3º TR	
CCL	d e f n	B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	SI	NON	1	X		1º TR 2º TR 3º TR	
CCL	d e f	B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	SI	NON	1	X		3º TR	
CCL	d e f	B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.	B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	NON	NON	1	X		3º TR	
CCL				GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	NON	NON	1	X		3º TR	
Bloque 2. Morfoloxía						10	10				
CCL	d e f	B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.	GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	NON	NON	1	X		3º TR	



Grego II. 2º de bacharelato					Porcentaxe asignado ao bloque %		Grao mínimo	Instrumentos de avaliación		Temporalización
C. clave	Obxs	Contidos	Criterios de avaliación		PMEC	PCIUG	%	TA	PE	
CCL	d e f	B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.	B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.	GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	NON	NON	1	X		3º TR
CCL	d e f	B2.3. Análise morfolóxica.	B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.	GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	NON	NON	1	X		3º TR
CCL	d e f	B2.3. Análise morfolóxica.	B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	NON	NON	1	X		3º TR
CCL	d e f	B2.3. Análise morfolóxica.	B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	SI	SI	70		X	1º TR 2º TR 3º TR
Bloque 3. Sintaxe					10	10				
CCL	d e f	B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.	NON	SI	100		X	1º TR 2º TR 3º TR
CCL	d e f	B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.	GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	NON	NON	1	X		1º TR 2º TR 3º TR
CCL	d e f	B3.2. Usos modais.	B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.	GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	NON	NON	1	X		1º TR 2º TR 3º TR
CCL	d e f	B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	NON	NON	1	X		1º TR 2º TR 3º TR
CCL	d e f	B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.	B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	NON	NON	1	X		1º TR 2º TR 3º TR
CCL	d e f	B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.	B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.	GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	NON	SI	50		X	1º TR 2º TR 3º TR



		Grego II. 2º de bacharelato				Porcentaxe asignado ao bloque %		Grao mínimo	Instrumentos de avaliación		Temporalización
C. clave	Obxs	Contidos	Criterios de avaliación		PMEC	PCIUG	%	TA	PE		
CCL				GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	NON	NON	1	X		2º TR 3º TR	
CCL	d e f i	B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.	B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas , relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	SI	SI	50		X	1º TR 2º TR 3º TR	
CCL				GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	SI	SI	50		X	1º TR 2º TR 3º TR	
Bloque 4. Literatura					20	10					
CCL CCEC	d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.						3º TR	
				Épica. (Iliada I, VI, XVI, XXII).	SI	SI	50		X	1º TR	
				*Lírica Arcaica (Arquilocho, Safo e Anacreonte).						1º TR	
				*Teatro. Traxedia (Edipo Rei de Sófocles).						2º TR	
				*Comedia (Asamblea de Mujeres)						3º TR	
CMCCT CCEC	d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	NON	NON	1	X		3º TR	
CCL				GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	NON	NON	1	X		3º TR	
CCL CCEC	d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	NON	NON	1	X		3º TR	



Grego II. 2º de bacharelato						Porcentaxe asignado ao bloque %		Grao mínimo	Instrumentos de avaliación		Temporalización
C. clave	Obs	Contidos	Criterios de avaliación		PMEC	PCIUG	%	TA	PE		
CCEC	d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	NON	NON	1	X		3º TR	
CD CCEC	d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.* Autores do punto GR2B4.1.1 + Xenofonte e Apolodoro	SI	SI	50		X	3º TR	
Bloque 5. Textos					40	60					
CCL	d e f n	B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.	B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	SI	SI	60		X	1º TR 2º TR 3º TR	
CCL CD	d e g	B5.2. Uso do dicionario.	B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	SI	SI	50		X	1º TR 2º TR 3º TR	
CCL CCEC	d e f	B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.	B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	NON	NON	1	X		3º TR	
CSC CCEC	a d e h n	B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	NON	NON	1	X		3º TR	
CCL	d n	B5.5. Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	NON	NON	1	X		3º TR.	



IV.2. Temporalización por unidades didácticas.

- **IV.1.a 1º trimestre. 4 sesiones semanais X 12 semanas = 48 sesións – 3 festivos = 45 sesións.**

UNIDADES DIDÁCTICAS

A proba final do 1º trimestre será o día 1 de decembro.

- 1.- Repaso da flexión nominal e pronominal. Os graos dos adxectivos
- 2.- Repaso da flexión verbal por temas en activa, media e pasiva. Estudos dos aspectos por completar: o tema de perfecto.
- 3.- Os modos e as formas non persoais.
4. Repaso dos pronomes.
5. Repaso dos fundamentos da sintaxe grega. os casos, usos dos pronomes. sintaxe das formas non persoais dos verbos.
- 6.- Características fundamentais da Épica. Características fundamentais da Lírica.
- 7.- Tradución da selección de textos da **Anábasis de Xenofonte** proposta polo grupo de traballo.
- 8.- Lecturas de Homero, Cantos I,VI, XVI e XXII da **Ilíada** e **Antoloxía lírica** que inclúa textos de **Arquíloco, Safo e Anacreonte**.
- 9.- Etimoloxías da Táboa de Helenismos da CIUG. ADXECTIVOS.

- **IV.1.b 2º trimestre. 4 sesiones semanais X 14 semanas = 56 sesións – 7 festivos = 49 sesións.**



UNIDADES DIDÁCTICAS

- 7.- Tradución da selección de textos das **Helénicas de Xenofonte** e da **Antoloxía de Apolodoro** proposta polo grupo de traballo.
- 8.- O Teatro na Grecia Clásica: a traxedia
- 9.- As Guerras Médicas. A Guerra do Peloponeso. Xenofonte.
- 10.- Lectura de **Edipo Rei** de Sófocles.
- 11.- Etimoloxías da Táboa de Helenismos da CIUG. SUBSTANTIVOS.

- **IV.1.b 3º trimestre. 4 sesiones semanais X 6 semanas = 24 sesións – 2 festivos = 22 sesións.**

UNIDADES DIDÁCTICAS

- 12.- Tradución da selección de textos da **Antoloxía de Apolodoro** proposta polo grupo de traballo.
- 13.- O Teatro na Grecia Clásica: a comedia



14.- Lectura de *Asamblea de mulleres* de Aristófanes.

15.- Etimoloxías da Táboa de Helenismos da CIUG. VERBOS E PALABRAS INDECLINABLES.

IV.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

1.- Observarase sistematicamente o traballo diario do alumno analizando os traballos e as actividades programadas.

2.- Ó final de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas máis amplas e ambiciosas.

- Unha de relectio dos textos traballados na aula.
- Unha de tradución e análise dun texto de dificultade similar aos traballados na aula.

En todas as probas, por tratarse dunha lingua aparecerán contidos vistos desde o inicio do curso.

3.- No mes de xuño realizarase un exame correspondente á 3ª avaliación no que entre toda a materia do curso e haberá unha nota deste trimestre obtida da mesma maneira que nos anteriores e que será a cualificación final do curso.

V. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

1º. Texto: Comprensión e expresión escrita:

Lemos o texto do autor programado en voz alta. Deixamos que os alumnos o organicen. e cheguen polos seus medios a unha versión en castelán ou galego. Corriximos os erros técnicos e de redacción. Destacamos os contidos gramaticais novos cando saen no texto. Traballamos o vocabulario relacionándoo con etimoloxías. Practicamos a reflexión morfolóxica e sintáctica. Reforzamos os contidos gramaticais vistos anteriormente.

2. c) 2º. Gramática.

Completamos desinencias, para reforzar contidos morfosintácticos. Facemos esquemas razoando as relacións paradigmáticas e sintagmáticas. Reforzamos a memorización con exercicios de cambio de número, de persoa, de tempo, de voz.



2. c) 3º. Literatura: Lectura e comprensión:

Tras unha presentación do xénero, autor e obra que nos ocupa, comezamos unha lectura guiada facendo todas as aclaracións que demanden os alumnos ou parezan oportunas. Ás veces é fundamental contar con medios audiovisuais. Despois os alumnos completan a lectura e facemos xogos con preguntas directas, con opcións de resposta, etc. para facilitar a fixación de contidos.

VI. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

VI.a Recomendaremos aos rapaces o *Diccionario Manual Griego. Griego clásico-Español*, de José M^a Pabón de Urbina, Editorial: VOX / BIBLIOGRAF. ISBN: 9788499741482, por considerar que é o máis adecuado.

VI.b Para os textos utilizaremos as antoloxías propostas polo grupo de traballo da USC e, para as lecturas, seleccionaremos versións anotadas que faciliten o achegamento dos rapaces aos mesmos e, para os temas de cultura, o departamento elaborará material adecuado.

VII Criterios de cualificación e promoción do alumnado.

VII.1 Criterios de avaliación

Son os fixados na táboa de punto IV.1

VII.2. Criterios de cualificación

1.- Faranse tres probas trimestrais, que serán cualificadas como segue:

a.- **Relectio** dun texto de tres liñas feito previamente na aula que se valorará en **2 puntos**.

b.- **Tradución** dun texto de tres liñas que se valorará en **3 puntos**.

c.- **Análise morfolóxica** e sintáctica do texto que se traduce. Valorarase en **1 puntos**.

d.- **Léxico** do texto traducido e os seus derivados actuais en terminoloxías científicas e técnicas. Valorarase en **1 punto**.

e.- Unha pregunta *de realia* dos **textos e autores traducidos**. Valorarase en **1,5 punto**.

f.- Unha pregunta sobre as obras **literarias** que o alumno tivo que ler. Valorarase en **1,5 punto** e será de resposta obrigatoria para aproba-la materia.

En todas as probas se cualificará tendo en conta a boa, boísima, mala ou malísima redacción, expresión e claridade nas respostas.

A CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN SERÁ O ENTEIRO CORRESPONDENTE E NON SE TERÁN EN CONTA OS DECIMAIS.



4.- A cualificación final virá dada pola proba final, que é a que marca o nivel que o alumnado ten nese momento e fanranse os redondeos positivos correspondentes.

5.- Por último, debe constar aquí que os referentes anteriores quedarán anulados sempre que un alumno copie, reciba ou transmita información nun exame. Neste caso, a cualificación da proba correspondente será de 0.

VII.3 Criterios de promoción e obtención do título.

En 2º de Bacharelato a nota final mínima debe ser superior a 5.

VIII. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro	Escala				Práctica docente:	Escala			
	1	2	3	4		1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?					1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?					2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?					3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?					5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Mantívoose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?					6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?					7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?					8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?					9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?					10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?					11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?					12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
					13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
					14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
					15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
					16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				



IX. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

NON PROCEDEN

X. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Nos primeiros dous meses do curso académico facemos, en 2º BAC un repaso e ampliación do visto en GREGO I. Ao que rematamos este repaso, facemos un exame de toda a materia, que serve como proba para acreditar os coñecementos para o alumnado que non cursou GREGO I. Durante este tempo o alumnado que estea nesta situación recibe unha atención personalizada e, nos casos que tivemos ata o de agora, o 100% do alumnado superou así a materia pendente.

No caso de que non se supere esta proba, darémoslle dúas oportunidades máis para facelo, unha no primeiro trimestre, en decembro, e outra no segundo, en febreiro.

XI. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Non procede.

**XII. Medidas de atención á diversidade.****XII.1 Medidas ordinarias**

Organizativas		Curriculares	
1. Adecuación da estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?	a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.	NON PROCEDEN	1. Adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
	b) Espazos diferenciados	NON PROCEDEN	
	c) Materiais e recursos didácticos diferenciados	NON PROCEDEN	
2. Desdoblamento de grupos	NON PROCEDEN	2. Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a	
3. Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria	NON PROCEDEN	3. Programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO	
4 Medidas propostas para o alumno enviado á aula de convivencia	NON PROCEDEN	4. Programa específico para alumnado repetidor da materia. Aplicación do programa	NON PROCEDEN
5. Desenvolvemento de programas de habilidades sociais	NON PROCEDEN		



XII.2 Medidas extraordinarias

Organizativas		Curriculares		
1. Alumnado que recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL		NON EXISTE	1. Adaptacións Curriculares na materia	NON PROCEDEN
Alumnado Estranxeiro	2. Grupo de adquisición da lingua para alumnado estranxeiro	NON EXISTE	2. Agrupamento flexible/específico para a materia	NON PROCEDEN
	3. Grupo de adaptación da competencia curricular	NON EXISTE	3. Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)	NON PROCEDEN
4. Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.		NON PROCEDEN	4. Flexibilización do período de escolarización de alumnos/as	NON PROCEDEN
			5. Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento)	NON PROCEDEN

XIII. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda. (art. 4.1 D. 86/2016)

- **En Bacharelato** a propia natureza da materia fai que se traballen a diario tanto a comprensión lectora como a expresión escrita. Propóranse actividades e tarefas que favorezan e alenten o emprendemento e nos temas de cultura traballárase tanto coa comunicación audiovisual como coas tecnoloxías da información e a comunicación. A educación cívica e constitucional abordárase a partir dos textos orixinais gregos ou coas actividades de cultura posto que todos os aspectos que conformaron a civilización grega antiga ofrecen a posibilidade de comparación coa actualidade.

**XIV. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DOS DEPARTAMENTOS DE LATÍN E GREGO.						
ACTIVIDADE	DATAS	LUGAR	DIRIXIDO AO ALUMNADO DE			
			2º BACH	1º BACH	4º ESO	3º ESO
FESTIVAL DE TEATRO CLÁSICO	DESCOÑECIDA	POR DECIDIR	X		X	X

XV. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala				Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
Indicadores de logro	1	2	3	4		1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?					17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?					18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?					19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?					20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?					21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas					22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?					23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?					24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?					25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?					26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?					27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?					28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?					29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Art 21º, 5 do D.86/15)				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?					30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?					31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?					32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

A programación revisarase cada mes.

Na Memoria final de curso deixarase constancia de todas as modificacións feitas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de Cacheiras

Costenla, 36 Cacheiras
15883 Teo -A Coruña-
(981 80 63 32 FAX 981 80 63 38
ies.cacheiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iescacheiras>

DEPARTAMENTO
DE GREGO



XVI. PROXECTO LECTOR

Dado que no curso xa hai lecturas, non se porán lecturas complementarias.

En Cacheiras a 20 de setembro de 2022.

Xefe de Departamento:

Isabel Losada

Asdo.: Isabel M^a Losada Campa